

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Polafía en Cabreiros, Xermade (Lugo)

CASA-ESCOLA DE CABREIROS, XERMADE (LUGO)

Sábado, 28 de novembro de 2009, ás 7 da tarde

Intervirán:

ISIDRO NOVO

XAVIER BLANCO

Veciñas e veciños de Xermade e arredores, para contar e contar, para conversar e escoitar

ENTRADA LIBRE

Organiza. AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)

Patrocina: Área de Cultura da Deputación de Lugo.

Colaboran: Asociación de Veciños de Cabreiros.

As polafías son unha proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e institucións.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituiráno os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG, na súa Sección de Literatura Oral. As polafías terán unha duración aproximada de arredor de 90 minutos.



POLAFÍA

Cabreiros

CASA-ESCOLA DE CABREIROS, CONCELLO DE XERMADE
SÁBADO, 28 DE NOVEMBRO DE 2009, ÁS 7 DA TARDE

Coa participación de veciñas e veciños de Cabreiros e
de todo o concello de Xermade, co seu saber contar e cantar

MÚSICA: Xavier Blanco, especialista en instrumentos pobres.
Rimas populares lidas por Isidro Novo. **ENTRADA LIBRE**

MÓDULO



COLABORA

